


Seminario de Mellora/Consolidación empresarial para o pequeno comercio en activo

Axudas para o pequeno comercio

Concello de Santiago de Compostela.
Concellaría de Promoción Económica e Comercio



AXUDAS PARA O PEQUENO COMERCIO




ÍNDICE

- **INTRODUCCIÓN**
- **EMISORES E RECEPTORES DAS MEDIDAS DE APOIO PARA O PEQUENO COMERCIO**
- **ADMINISTRACIÓN ESTATAL. Plan de Mejora de la Productividad y Competitividad del Comercio (2009- 2012)**
- **INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA. IGAPE**
- **ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA**
- **ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL**
- **ADMINISTRACIÓN LOCAL**



1. INTRODUCCIÓN



AXUDAS PARA O PEQUENO COMERCIO. INTRODUCCIÓN

A necesidade de impulsar o comercio dos centros históricos das cidades, polo importante papel vertebrador do tecido urbano, xunto co aseguramento de garantir a oferta comercial a poboación, son os dous fins primordiais na elaboración dos programas de axudas tanto a nivel estatal como autonómico.


Os plans de axudas teñen unha orientación cara a consolidación do comercio urbano, mantendo e desenvolvendo o modelo de comercio tradicional. As axudas contemplan medidas de apoio as pequenas e medianas empresas comerciais, as súas asociacións e aos concellos.

Estas axudas oriéntanse a mellora da competitividade das empresas e o seu entorno físico no que se asenta o pequeno comercio de proximidade, e cuns obxectivos:

- evitar a destrución de emprego
- mellora no grado de profesionalidade
- prestar un servizo de valor engadido (especialidade e calidade)



2. EMISORES E RECEPTORES DAS MEDIDAS DE APOIO AO PEQUENO COMERCIO



EMISORES E RECEPTORES DAS MEDIDAS DE APOIO AO PEQUENO COMERCIO


EMISOR

Administración Estatal

Administración Autonómica

Administración Provincial

Administración Local



EMISORES E RECEPTORES DAS MEDIDAS DE APOIO AO PEQUENO COMERCIO


RECEPTOR

Emprendedores


Comercio individual

Entidades locais (Concello)

**Institucións/ Organismos
(Asociacións, Federacións, CCA's)**



3. ADMINISTRACIÓN ESTATAL



PLAN DE MEJORA DE LA PRODUCTIVIDAD Y COMPETITIVIDAD DEL COMERCIO (2009- 2012)

O Plan de Mejora de la Productividad y Competitividad del Comercio (2009- 2012)

Este plan contempla medidas de apoio a pequena e medianas empresas comerciais, as súas asociacións e concellos, mantendo e desenvolvendo o modelo comercial tradicional español, mediante a mellora da competitividade das empresas e do entorno físico do comercio de proximidade, evitando a destrucción do emprego e mellorando a súa calidade profesional, permitindo que os recursos humanos que se vinvulan a este sector poidan aportar un maior valor engadido en canto a especialización e calidade de servizo.

Para o desenvolvemento deste plan se suscribirán acordos coas comunidades autónomas, segundo a distribución de competencias entre elas e a Administración central.



PLAN DE MEJORA DE LA PRODUCTIVIDAD Y COMPETITIVIDAD DEL COMERCIO (2009- 2012)

Desenvolvemento dos programas de actuación do plan

Os programas que o plan prevé son:

1. *FOMENTO DO COMERCIO URBANO*
2. *MELLORA DO COMERCIO RURAL*
3. *FOMENTO DA COOPERACIÓN EMPRESARIAL*
4. *CALIDADE E SEGURIDADE EN ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS. RELEVO XERACIONAL*
5. *INFORMACIÓN E FORMACIÓN*



PLAN DE MEJORA DE LA PRODUCTIVIDAD Y COMPETITIVIDAD DEL COMERCIO (2009- 2012)

1. Fomento do comercio urbano

Dentro deste programa se contemplan as catro liñas preferentes de actuación seguintes:

1. Modernización de mercados minoristas municipais
2. Centros Comerciais Abertos
3. Peonalización de eixos comerciais
4. Adecuación de espazos para venda non sedentaria



PLAN DE MEJORA DE LA PRODUCTIVIDAD Y COMPETITIVIDAD DEL COMERCIO (2009- 2012)

2. Mellora do comercio rural

Dentro deste programa se contemplan as catro liñas preferentes de actuación cofinanciadas:

1. Potenciación da actividade comercial dos concellos que exerzan certa atracción neste senso, creando un entorno comercial constituído basicamente por comercios establecidos, que abastezan a residentes en núcleos de poboación próximos, favorecendo o acceso destes potenciais clientes, mellorando os servizos comerciais xerais do concello e ampliando a súa dotación comercial.
2. Promoción e potenciación de establecementos multiservizo e de pequeno comercios tradicionais de áreas rurais.
3. Adecuación de áreas destinadas á venda ambulante, dotándoas de servizos comúns e potenciando simultaneamente a introdución de canles directos de comercialización.



PLAN DE MEJORA DE LA PRODUCTIVIDAD Y COMPETITIVIDAD DEL COMERCIO (2009- 2012)

3. Fomento da cooperación empresarial

Considéranse cofinanciáveis :

1. As actuacións tendentes a mellora da posición competitiva do pequeno comercio mediante o fortalecemento do asociacionismo, e en concreto:
 - a) Creación de novas centrais de merca.
 - b) Constitución de marcas ou deseño común de produtos ou establecementos.
 - c) Implantación de redes informáticas que permitan mellorar as prestacións que brindan as asociacións aos seus socios.
 - d) Desenvolvemento de redes loxísticas de almacenamento e transporte para os socios.
 - e) Formación do persoal asesor das asociacións para o desenvolvemento das novas tecnoloxías e a implantación de sistemas de calidade entre os seus socios.
 - f) Campañas de promoción da asociación e de captación de novos socios.



PLAN DE MEJORA DE LA PRODUCTIVIDAD Y COMPETITIVIDAD DEL COMERCIO (2009- 2012)

4. Calidade e seguridade nos establecementos comerciais. Relevo xeracional

Dentro deste programa de mellora do pequeno comercio independente se contemplan as seguintes liñas de actuación:

1. Certificación de calidade comercial e fomento das TIC no comercio.
2. Seguridade dos establecementos.
3. Relevo xeracional.



PLAN DE MEJORA DE LA PRODUCTIVIDAD Y COMPETITIVIDAD DEL COMERCIO (2009- 2012)

5. Información e formación

1. **INFORMACIÓN:** Observatorio da Distribución Comercial: permitirá unha máis exacta determinación das necesidades de información do sector, xunto coas propostas que realicen as Comunidades Autónomas e as Asociacións de Comerciantes.
2. **FORMACIÓN:** impulso da formación a todos os niveis, empresarios e traballadores do sector, favorecer a difusión da innovación tecnolóxica (organización de congresos, seminarios sobre o sector).



PLAN DE MEJORA DE LA PRODUCTIVIDAD Y COMPETITIVIDAD DEL COMERCIO (2009- 2012)


Financiamento

A distribución dos recursos destinados anualmente polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para a realización do Plan distribuiranse do seguinte xeito:

1. Fomento do Comercio Urbano: 45 %
2. Mellora do Comercio Rural: 15 %
3. Fomento da Cooperación Empresarial: 15 %
4. Calidade e seguridade de establecementos. Relevo xeracional: 15 %
5. Información e Formación: realizado directamente pola Dirección de Política Comercial (financiado por conceptos presupuestarios da Dirección de Política Comercial).



4. ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA



PLAN ÁGORA, AGORA RE- COMERCIA (2010- 2013)

Subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro, para a incentivación da demanda comercial e desenvolvemento equilibrado dos eixes comerciais.

OBXECTO DA AXUDA:

1. Incentivar a demanda comercial e mellorar a loxística do comercio, e acadar unha imaxe máis competitiva e dinámica do comercio.
2. Revitalizar os eixes comerciais como unha das iniciativas que procuren a recuperación das cidades e vilas en xeral e do seu comercio en particular, dende o punto de vista económico, social e urbanístico.

BENEFICIARIOS:

1. Asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro, de ámbito superior ao municipal ou federacións.
2. Asociacións de ámbito municipal ou inferior para a revitalización e desenvolvemento dos eixes comerciais.



PLAN ÁGORA, AGORA RE- COMERCIA (2010- 2013)

QUE SE PODE PEDIR?

1. Incentivación da demanda comercial que facilite o desenvolvemento de estratexias para a mellora da distribución, loxística e promoción comercial, levada a cabo polas asociacións de comerciantes de ámbito superior ao municipal ou federacións, a través de:
 - a) Actuacións de difusión e divulgación con fins promocionais realizados a través de **publicidade**.
 - b) Actuacións de difusión e divulgación con fins promocionais realizados a través da **elaboración de material promocional**.
 - c) Actuacións que teñan por finalidade a **incentivación da demanda comercial**.



PLAN ÁGORA, AGORA RE- COMERCIA (2010- 2013)

QUE SE PODE PEDIR?

2. Actuacións levadas a cabo por asociacións de ámbito municipal ou inferior consideradas eixes comerciais, concentracións comerciais, cabeceiras de comarcas, zonas urbanas comerciais, centros comerciais de barrio ou calquera outro espazo de interese comercial que non responda a un modelo de centro comercial aberto.
 - a) **Gastos derivados das instalacións e os equipamentos da sede social.**
 - b) Desenvolvemento de **sistemas de fidelización.**
 - c) **Dinamización comercial,** deberán presentarse dentro dun proxecto de incentivación ao consumo no que se amose a participación directa dos establecementos comerciais asociados.
 - d) Creación ou posta en funcionamento e consolidación de **centrais de compras e servizos.**



PLAN ÁGORA, AGORA RE- COMERCIA (2010- 2013)

FINANCIAMENTO:

Incentivación da demanda comercial:

Porcentaxe da subvención: 70% do investimento máximo subvencionable.

Actuacións levadas a cabo por asociacións de ámbito municipal ou inferiores:

Investimento máximo subvencionable: 50.000€

Porcentaxe da subvención: 70% do investimento máximo subvencionable.



PLAN ÁGORA, AGORA RE- COMERCIA (2010- 2013)

Subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro, para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos

OBXECTO DA AXUDA:

1. Dinamización e revitalización dos centros comerciais abertos e a súa adaptación ao contorno destes, creando espazos confortables e de lecer para realizar compras que xeren pólos de atracción comercial nas cidades e vilas.
2. Dinamización e rexeneración das prazas de abastos.

BENEFICIARIOS:

1. As asociacións de vendedores das prazas de abastos, sen fins de lucro, que estean legalmente constituídas.
2. As agrupacións de persoas físicas e xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica.
3. As asociacións de comerciantes de carácter territorial, sen fins de lucro, que leven a cabo proxectos de interese e transcendencia en centros comerciais abertos.



PLAN ÁGORA, AGORA RE- COMERCIA (2010- 2013)

BENEFICIARIOS:

Terán a consideración de centros comerciais abertos, os espazos comerciais que, estando situados na Comunidade Autónoma de Galicia, contén unha unidade de xestión profesionalizada de carácter permanente, requisitos:

1. A unidade xerencial deberá ter contratada a unha persoa física mediante un contrato laboral, que non poderá ser membro da asociación nin formar parte dos órganos de goberno desta.
2. Prestar servizos de atención aos usuarios un mínimo de 6 horas en horario comercial.

Ademais o CCA deberá cumprir polo menos 4 dos seguintes 5 requisitos:

1. Estar en concellos con poboación superior aos 10.000 habitantes.
2. Dispoñer dun grao de concentración comercial alto, é dicir no espazo onde se desenvolve debe haber polo menos 100 comercios, os cales deben compartir un sinal de identidade conxunto tanto a nivel urbanístico como comercial.



PLAN ÁGORA, AGORA RE- COMERCIA (2010- 2013)

BENEFICIARIOS:

3. Contar como adheridos polo menos co 50% dos comercios existentes na súa delimitación territorial.
4. Presentar unha diversidade de oferta comercial, con predominio da oferta especializada en equipamento persoal.
5. Integrar os principais eixes comerciais da vila.



PLAN ÁGORA, AGORA RE- COMERCIA (2010- 2013)

QUE SE PODE PEDIR?

1. Dinamización e revitalización dos centros comerciais abertos a través de:
 - a) Realización de **campañas de promoción, publicidade en medios de comunicación ou en soportes publicitarios**, así como a elaboración de material promocional.
 - b) **Sistemas de fidelización**
 - c) **Sinalización comercial externa.**
 - d) Mellora da competitividade comercial, a través de proxectos de **creación ou posta en funcionamento e consolidación de centrais de compras e servizos**, creación de redes de comunicación e xornadas técnicas e congresos en materia de comercio.



PLAN ÁGORA, AGORA RE- COMERCIA (2010- 2013)

QUE SE PODE PEDIR?

2. Dinamización e rexeneración das prazas de abastos:

- a) **Instalacións e equipamentos do mercado e dos praceiros.**
- b) Desenvolvemento de **sistemas de fidelización.**
- c) **Sinalización comercial**, que debe aterse a uns requisitos.
- d) Realización de **campañas de promoción**, publicidade en medios de comunicación ou en soportes publicitarios, así como a elaboración de material promocional.
- e) **Gastos imputables ás unidades xerenciais** derivados da formulación, execución e seguimento do proxecto obxecto da subvención.



PLAN ÁGORA, AGORA RE- COMERCIA (2010- 2013)

FINANCIAMENTO:

Dinamización e revitalización dos centros comerciais abertos:

Investimento máximo subvencionable:130.000€

Porcentaxe de subvención: ata o 70% do investimento máximo subvencionable.

Dinamización e rexeneración das prazas de abastos:

Investimento máximo subvencionable:60.000€

Porcentaxe de subvención: ata o 70% do investimento máximo subvencionable.



PLAN ÁGORA, AGORA RE- COMERCIA (2010- 2013)

Subvencións a pequenos comerciantes individuais autónomos que abandonen a actividade comercial.

OBXECTO DA AXUDA:

1. Fomentar o relevo xeracional dos empresarios individuais próximos a acadar a idade de xubilación.
2. Rexenerar o tecido empresarial comercial poñendo a disposición no mercado novos locais comerciais.

BENEFICIARIOS:

1. Comerciantes retalistas que teñan capacidade legal para exercer o comercio e que se dedicaron a él de xeito habitual, (Artigo 1 do Código de Comercio), se se adican a algunha das actividades que teñan como obxecto exclusivo ou principal a realización de actos de comercio, que estean nalgún epígrafes do IAE que recolle a orde de subvención, nun ou varios establecementos, e que cesen definitivamente en toda actividade do comercio retalista.
2. Tamén poderá ser beneficiario o cónxuxe do empresario que cesa, que fose colaborador de este no establecemento e autónomo, e que reúna os mesmos requisitos que o titular.



PLAN ÁGORA, AGORA RE- COMERCIA (2010- 2013)

FINANCIAMENTO:

Os cedentes poderán percibir ata acadar a xubilación definitiva e como máximo ata o día que cumpran os 65 anos de idade:

1. Un **pagamento anual de 10.000 €**, que inclúe as cotas correspondentes a Seguridade Social do beneficiario ata cumprir os 65 anos de idade.
2. O **cónxuxe** do cedente terá dereito a percibir un **50%** do importe fixado para o titular.



PLAN ÁGORA, AGORA RE- COMERCIA (2010- 2013)

Modernización do comercio rural galego.

OBXECTO DA AXUDA:

Incentivar e promocionar a modernización e a implantación de comercios situados en zonas rurais de Galicia.

Son comercios rurais os situados en :

1. Concellos con poboación de menos de 10.000 habitantes.
2. Núcleos de poboación que non superen os 1.500 habitantes, situados en concellos de máis de 10.000 habitantes.



PLAN ÁGORA, AGORA RE- COMERCIA (2010- 2013)

BENEFICIARIOS:

1. Poderán ser beneficiarios os comerciantes retalistas, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, sociedades civís e comunidades de bens, legalmente constituídas e que cumpran os seguintes requisitos:
 - a) Que desenvolvan ou inicien a súa actividade en establecementos comerciais situados en zonas rurais da Comunidade Autónoma de Galicia, e que o seu enderezo social radique igualmente en Galicia.
 - b) Que a súa actividade principal estea incluída no IAE da Orde.
 - c) Que non superen os dez traballadores.
 - d) Que os locais comerciais non superen os 300 m² de superficie comercial destinada á exposición e venda ao público.



PLAN ÁGORA, AGORA RE- COMERCIA (2010- 2013)

BENEFICIARIOS:

2. Comerciantes que inicien a súa actividade nalgunha das rutas do Camiño de Santiago ao seu paso por Galicia e que sexan zonas rurais e que o 75% dos produtos ofertados estean amparados pola etiqueta de Artesanía de Galicia, produtos de denominación de orixe galega, e/ou produtos recollidos baixo a marca de Galicia Calidade.
3. Comerciantes ambulantes, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, sociedades civís e comunidades de bens, legalmente constituídas e que cumpran:
 - a) Que figuren inscritos no Rexistro de Vendedores Ambulantes da Xunta.
 - b) Que desenvolvan au inicien a súa actividade comercial en concellos con poboación inferior aos 10.000 habitantes.
 - c) Que non superen os 10 traballadores.
 - d) Que a súa actividade principal estea incluída nalgunha das agrupacións ou epígrafes correspondentes.



PLAN ÁGORA, AGORA RE- COMERCIA (2010- 2013)

QUE SE PODE PEDIR?

As actuación para os comerciantes retalistas:

1. Custo da reforma e/ou de ampliación do local comercial sempre que a superficie resultante non supere os 300 m².
2. Custo de adquisición de moblaxe, elementos de decoración e calquera outro tipo de equipamento comercial.
3. Deseño e execución de campañas publicitarias ou promocionais dirixidas á captación e fidelización de clientes no territorio.
4. Adquisición de vehículos comerciais de ata 3.500 kilogramos PMA (peso máximo autorizado) de uso exclusivo para o desenvolvemento da actividade económica subvencionada, segundo o anexo VI, debidamente rotulado co nome e enderezo do establecemento comercial.



PLAN ÁGORA, AGORA RE- COMERCIA (2010- 2013)

QUE SE PODE PEDIR?

As actuación para a implantación de comercios nalgunha das rutas do Camiño de Santiago:

1. Custo das obras do local comercial sempre que a superficie resultante non supere os 300 m2.
2. Custo de adquisición de moblaxe, elementos de decoración e calquera outro tipo de equipamento comercial.
3. Deseño e execución de campañas publicitarias ou promocionais dirixidas á captación e fidelización de clientes no territorio.



PLAN ÁGORA, AGORA RE- COMERCIA (2010- 2013)

QUE SE PODE PEDIR?

As actuación para os comerciantes ambulantes:

1. Adquisición de vehículos comerciais, e ou vehículos tenda de ata 3.500 kilogramos PMA (peso máximo autorizado) de uso exclusivo para a actividade comercial.
2. Os toldos e/ou capotes que empreguen para protexer a súa mercadoría.
3. Deseño e execución de campañas publicitarias ou promocionais dirixidas á captación e fidelización de clientes no territorio.



PLAN ÁGORA, AGORA RE- COMERCIA (2010- 2013)

FINANCIAMENTO:

Contía mínima de investimento subvencionable de **1.500 euros**, IVE excluído. O investimento máximo subvencionable será de **50.000 euros**, IVE excluído, para os comerciantes retalistas con establecemento comercial. Estes límites non serán de aplicación para os conceptos dos toldos e/ou capotas.

As axudas consistirán nunha subvención a fondo perdido de ata o **50%** do investimento subvencionable. Estas axudas veranse incrementadas ata o 70% no caso daqueles comerciantes cuxo establecemento estea nalgunha das rutas do Camiño Santiago.

No caso das axudas á adquisición de vehículos comerciais será de ata o **20%**.

Para os toldos e/ou capotas dos comerciantes ambulantes a subvención será de ata 10€/metro cadrado ata un máximo de 500€.



Bolsa de formación


OBXECTO DA AXUDA:

Contribuír á formación tutorial de profesionais no campo da actividade comercial e o seu contorno. Elabórase un programa formativo que integrará principalmente aspectos relativos á actividade comercial o estudo e análise da pequena e mediana empresa comercial, e o sector da distribución e as estruturas comerciais. O programa formativo terá unha duración máxima de 9 meses.

BENEFICIARIOS:

Poderán optar á concesión destas bolsas as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

1. Ter nacionalidade española ou ser nacionais de calquera Estado membro da Unión Europea, así como estar domiciliada na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Ter unha idade non superior aos 31 anos na data de remate do prazo de presentación das solicitudes.



BENEFICIARIOS:

3. Acreditar un coñecemento da lingua galega con nivel de perfeccionamento ou equivalente.
4. Estar en posesión dalgunha titulación universitaria de segundo ciclo ou grao superior.
5. Non ter percibido anteriormente doutra bolsa destas características.
6. Non ter emprego remunerado nin gozar doutra bolsa ou axuda.
7. Non padecer ningunha enfermidade nin limitación física ou psíquica.
8. Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias.
9. Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario.




FINANCIAMENTO:

Cada bolsa estará dotada con **11.700€** brutos, distribuídos en pagamentos mensuais, de **1.300€** por mes.


SOLICITUDES:

Modelo normalizado e achegar os seguintes documentos:

1. **DNI** da persoa solicitante e certificado de empadramento.
2. Documento acreditativo do nivel de **coñecemento do idioma galego**.
3. **Titulación académica** ou xustificante do pagamento dos dereitos para a súa expedición.
4. **Certificación académica persoal** con carácter oficial.
5. **Curriculum vitae** da persoa solicitante.
6. Declaración expresa sobre a **concesión ou solicitude doutras bolsas ou axudas** financiadas por calquera administración.



5. INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA. IGAPE



INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA. IGAPE

Axudas emitidas polo IGAPE para o pequeno comercio:

- 1. REORIENTACIÓN E COMPETITIVIDADE DAS PEMES GALEGAS.**
- 2. AXUDAS AO SECTOR COMERCIO POLO MIÚDO, COMPLEMENTARIAS Á LIÑA DE FINANCIACIÓN DE CIRCULANTE SUBSIDARIO E AVALADO PARA AUTÓNOMOS E MICROEMPRESAS.**
- 3. AXUDAS AOS PROXECTOS DE CREACIÓN DE PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS OU DE REALIZACIÓN DE INVERSIÓNS EN PEQUENAS E MEDIASNAS EMPRESAS XOVES PROMOVIDAS POR NOVOS EMPRENDEDORES.**



Reorientación e competitividade das PEMES galegas

Obxecto da axuda:

Promoción económica de Galicia a través de promover a reflexión, a análise e a toma de medidas nas pemes estimulando a execución de proxectos dirixidos a preparar a reorientación dos negocios e a mellora da competitividade futura.

Proxectos obxecto de apoio:

1. Incentivar proxectos e actuacións empresariais de distinta tipoloxía:
 - Elaboración de plans e protocolos de sucesión na empresa familiar (maioría do capital en mans dunha mesma familia)
 - Proxectos de estudo e implantación de medidas de responsabilidade social corporativa (RSC)
2. Proxectos de innovación e competitividade nas pequenas e medianas empresas cosistentes en titorías presenciais en pemes, para orientar o negocio e a xestión da empresa cara a innovación e a mellora competitiva, mediante a inmersión na peme de profesionais da consultaría estratéxica.
3. Proxectos de investimento tecnolóxico.
4. Proxectos de equipamento tecnolóxico no sector servizos.



INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA. IGAPE

Obrigas e límites:

- Poderase presentar como máximo un proxecto para cada unha das liñas por convocatoria.
- As empresas beneficiarias deberán colaborar co Igape no seguimento do futuro da empresa en relación cos estudos realizados.
- Concepto que se subvenciona: gastos de consultoría externa.
- Contía e límites da axuda: subvención a fondo perdido do 50 % dos gastos de consultoría, co límite de 5.000 €.

Tipo de axuda:

- A fondo perdido.



INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA. IGAPE

Beneficiarios:

- Pequenas e medianas empresas que teñan radicado algún centro de actividade de carácter permanente en Galicia, desenvolven no centro radicado en Galicia algunha actividade empresarial no Regulamento (CE), de exención de categorías, e acometan proxectos subvencionables.
- Tamén poden ser beneficiarios (cumprindo os requisitos de domiciliación e actividade):
 - ✓ Persoas físicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de ben, ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo as actividades ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.
 - ✓ As agrupacións de interese económico.

Sectores incentivables:

O proxecto subvencionable deberá, en todo caso, estar vinculado á consolidación ou posta en marcha dalgunha das seguintes actividades do sector servizos independentemente de calquera outra que, ademais, desempeñe o solicitante:

- b) O comercio por xunto e o comercio polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas.



Axuda complementaria ao plan resolve para o sector do comercio polo miúdo

Obxecto da axuda:

Tramitación dunha liña de compensación dos xuros asociados ao financiamento obtido polos autónomos e microempresas do sector do comercio polo miúdo, mediante a liña de circulante subsidiario e avalado para autónomos e microempresas.

Tipo de apoio:

1. Liña de compensación de xuros en réxime de concorrencia competitiva.

Beneficiarios:

1. Microempresas e autónomos beneficiarios do Plan Re- Solve que desenvolvan algunha das seguintes actividades por CNAE (2009):
 - Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas coa exclusión dea actividade de comercio por xunto de recambios e accesorios de vehículos de motor (CNAE 45.31)
 - Comercio polo miúdo, salvo de vehículos de motor e motocicletas.

Sectores incentivables:

1. Comercio polo miúdo.



INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA. IGAPE

Sectores incentivables:


1. Comercio polo miúdo.

Contía:

O Igape compensará o tipo de xuro das operacións acollidas ás bases mediante unha axuda adicional do 2,5 % do principal do préstamo ou crédito formalizado.



5. ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL



DEPUTACIÓN DE A CORUÑA

Programas dirixidos a Concellos e outras Entidades Locais para actividades e investimentos de Promoción Económica

OBXECTO DA AXUDA:

Apoiar aos concellos e Entidades Locais na:

1. Realización de actividades
2. Na construción ou mellora de infraestructuras e na dotación de equipamentos
3. Nas programacións que desenvolvan en materia de promoción económica

Deste xeito, preténdese contribuír para que acaden os obxectivos que lles son propios, e fomentar a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación, contribuíndo deste xeito a impulsar a democratización da sociedade.



DEPUTACIÓN DE A CORUÑA

BENEFICIARIOS:

Poderán optar tódolos concellos e outras entidades locais da provincia de A Coruña

- As entidades locais poderán presentar un total de dúas solicitudes nos programas de subvencións para actividades e infraestrutura e equipamento.
- Os concellos solicitantes teñen que estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e deberán estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña.

No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables fíxase un período de destino dos bens para o fin concreto para o que se concedeu a subvención que será dun mínimo de cinco anos.




DEPUTACIÓN DE A CORUÑA

FINANCIAMENTO:

1. Subvención para actividades de promoción económica e para infraestrutura e equipamento de promoción económica : 65.000 euros en total, polo dous programas.
2. A contía das subvencións poderá acadar o 100% do presuposto calculado de gastos.




6. ADMINISTRACIÓN LOCAL



LIÑAS DE ACTUACIÓN CONCELLARÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, EMPREGO, COMERCIO E TURISMO

- **PLAN DE EXCELENCIA COMERCIAL**
- **PLAN ESTRATÉXICO DO COMERCIO
COMPOSTELÁN**



MÁISCOMPOSTELA. LIÑAS DE ACTUACIÓN: PLAN ESTRATÉXICO PLAN DE EXCELENCIA COMERCIAL

A **Concellaría de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo de Santiago de Compostela**, ten dentro dos seus obxectivos impulsar e fortalecer o tecido comercial da cidade como eixo económico e social da mesma.

Neste senso vense traballando dende maiscompostela (www.maiscompostela.com), no apoio ao pequeno comercio, realizando diversas accións, como foron:

- Diagnose sobre o pequeno comercio e hostalería
- Guía de implantación e mellora comercial
- Implantación do Servizo de asesoramento ao comercio (SAC)
- Plan de Excelencia Comercial:** actividades de dinamización comercial
 - Concurso de escaparatismo
 - Compostela capital de compras
 - Marzo mes do comercio
 - Exposicións sobre comercio
 - Conferencias
 - Feiras de saldos
 - Gala do Comercio



MÁISCOMPOSTELA. LIÑAS DE ACTUACIÓN: PLAN ESTRATÉXICO PLAN DE EXCELENCIA COMERCIAL

Liña de axudas destinada a entidades comerciais sen ánimo de lucro:

Dende a Concellaría de Promoción Económica e Comercio, emitíronse axudas destinadas ás *asociacións de comerciantes*:

- Ano 2007 destináronse a estas entidades 91.000 euros.
- Ano 2008, ata 30.000 euros por entidade.

As actividades foron, actividades relacionadas con actuacións de fidelización de clientela, potenciación das distintas tempadas comerciais do ano, implantación ou mantemento de servizos de apoio ao comercio retalista, actuacións de dinamización comercial na rúa e actuacións que teñan como obxectivo a dinamización do comercio retalista



MÁISCOMPOSTELA. LIÑAS DE ACTUACIÓN: PLAN ESTRATÉXICO PLAN DE EXCELENCIA COMERCIAL

Plan Estratégico do Comercio Compostelá (ata 30 xuño 2010)

As accións desenvoltas no Plan Estratégico teñen en conta a actual situación do comercio en Santiago, adaptándose neste senso as necesidades actuais do sector, detectadas pola Concellaría de Promoción Económica co Plan de Asesoramento ao Comercio.

O Plan Estratégico do Comercio ven sendo a segunda parte do Plan de Excelencia Comercial. Nel establécense tres liñas de traballo, coa finalidade de dotar ao sector das ferramentas que necesite para afrontar a actual situación económica. E son as seguintes:

- **Plan de Mellora dos Comercios en Activo (50.000 €):** mellora na innovación dos establecementos comerciais a través de asistencia persoalizada no establecemento.
- **Plan de Promoción e Dinamización (112.000 €):** concurso de escaparatismo SCQ Shopping a través da innovación da imaxe do escaparate.
- **Observatorio Comercial (25.000 €):** obtención e actualización de datos sobre o sector.



COMPOSTELA ACTIVA 2009: AXUDAS PARA A CREACIÓN DE NOVAS EMPRESAS

Axudas para a creación de novas empresas Compostela Activa 2009 (orçamento de 80.000 euros).

O *obxectivo* é axudar economicamente aos novos proxectos empresariais que non están consolidados.

- Cada proxecto empresarial presentado podía percibir como máximo **3.000 euros**, con independencia do número de beneficiarios que o compoñan. A contía da axuda poderá acadar o 100% dos gastos subvencionables, é dicir, os considerados como correntes e de primeiro establecemento realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de xullo de 2009 nos seguintes conceptos: existencias iniciais de mercadorías, custes de arrendamento de locais e/ou equipos, primas de seguros, abastecementos e gastos correntes e gastos de constitución da sociedade.
- O importe da axuda non poderá ser empregado con outros fins. Á convocatoria presentáronse 28 empresas.
- A estas axudas podían optar as persoas físicas ou xurídicas que iniciaran a súa actividade entre o 1 de outubro de 2008 e o 31 de xullo de 2009, que tiveran a súa sede social, fiscal e de actividade no Concello de Santiago, e a súa actividade empresarial fose viable económica, financeira e tecnicamente.
- Aos efectos deste programa enténdese como data de inicio de actividade aquela na que a persoa solicitante cause alta no IAE ou no seu caso, no censo de obrigados tributarios
- O prazo de inscrición estableceuse entre o 16 de xuño e o 31 de xullo.



FIN

